

MÚSICA 2ºESO

Durante o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final do **6 ó 22 de xuño**, levaremos a cabo **actividades de reforzo** para o alumnado que teña algún estándar sen superar e **actividades de ampliación** no caso do alumnado que teña superada a materia seguindo tanto os criterios de avaliación como os procedementos e instrumentos establecidos programación didáctica dende principio de curso.

Tendo en conta isto:

- alumnado que teña superada a materia na terceira avaliación parcial, poderá subir nota tendo en conta o peso dos estándares avaliados e establecidos na programación didáctica de aula.
- alumnado que NON teña superada a materia na terceira avaliación parcial, terá que **recuperar os estándares non superados** tendo en conta o peso dos estándares avaliados e establecidos na programación didáctica de aula.

As actividades de reforzo e/ou ampliación consistirán nunhas cuestións breves ou exercicios de linguaxe musical, previamente explicadas por parte da profesora, segundo os estándares non superados ou que se queira subir nota e xa traballados, co correspondente peso e grado mínimo de consecución establecidos na programación didáctica da materia. En aras de garantir a máxima obxectividade na cualificación tanto dos estándares non superados como dos que se desexe subir nota, o alumnado deberá realizar **un exercicio escrito final dos estándares** non superados ou dos que se queira subir nota no que se recollerán as **actividades traballadas** durante o período comprendido do **6 ó 22 de xuño**. Este exercicio final será cualificado de 0 a 10.

Considerarase a materia superada se o alumnado acada o grao mínimo de consecución establecido para cada estándar avaliado na avaliación final e a suma da cualificación final é igual ou superior a 5.